

ANEXO IX

Marcaxe «CE» de conformidade

A marcaxe «CE» de conformidade estará composta das iniciais «CE» segundo o modelo seguinte:



En caso de reducirse ou aumentarse o tamaño da marcaxe «CE», deberán conservarse as proporcións deste logotipo. Os diferentes elementos da marcaxe «CE» deberán ter unha mesma dimensión vertical apreciablemente igual, que non será inferior a 5 mm. Autorízanse excepcións á dimensión mínima no caso de compoñentes de seguridade de pequeno tamaño. A marcaxe «CE» irá seguida das dúas últimas cifras do ano no que foi colocado e do número de identificación do organismo notificado que interveña no marco dos procedementos a que se refire o punto 3 do artigo 9 deste real decreto.

XEFATURA DO ESTADO

13758 LEI 34/2002, do 11 de xullo, de servicios da sociedade da información e de comercio electrónico. («BOE» 166, do 12-7-2002.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

Esta lei ten como obxecto a incorporación ó ordenamento xurídico español da Directiva 2000/31/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño, relativa a determinados aspectos dos servicios da sociedade da información, en particular, o comercio electrónico no mercado interior (Directiva sobre o comercio electrónico). Así mesmo, incorpora parcialmente a Directiva 98/27/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de maio, relativa ás accións de cesación en materia de protección dos intereses dos consumidores, ó regular, de conformidade co establecido nela, unha acción de cesación contra as condutas que contraveñan o disposto nesta lei.

O que a Directiva 2000/31/CE denomina «sociedade da información» vén determinado pola extraordinaria expansión das redes de telecomunicacións e, en especial, da Internet como vehículo de transmisión e intercambio de todo tipo de información. A súa incorporación á vida económica e social ofrece innumerables vantaxes, como a mellora da eficiencia empresarial, o incremento das posibilidades de elección dos usuarios e a aparición de novas fontes de emprego. Pero a implantación da Internet e as novas tecnoloxías tropeza con algunhas incertezas xurídicas, que é preciso aclarar co establecemento dun marco xurídico adecuado, que xere en tódolos actores intervinientes a confianza necesaria para o emprego deste novo medio.

Iso é o que pretende esta lei, que parte da aplicación ás actividades realizadas por medios electrónicos das normas tanto xerais como especiais que as regulan, ocupándose tan só daqueles aspectos que, xa sexa pola súa novidade ou polas peculiaridades que implica o seu exercicio por vía electrónica, non están cubertos pola dita regulación.

II

Acóllese, na lei, un concepto amplo de «servicios da sociedade da información», que engloba, ademais da contratación de bens e servicios por vía electrónica, a subministración de información polo dito medio (como o que efectúan os xornais ou revistas que poden encontrarse na rede), as actividades de intermediación relativas á provisión de acceso á rede, á transmisión de datos por redes de telecomunicacións, á realización de copia temporal das páxinas da Internet solicitadas polos usuarios, ó aloxamento nos propios servidores de información, servicios ou aplicacións facilitados por outros ou á provisión de instrumentos de busca ou de enlaces a outros sitios da Internet, así como calquera outro servizo que se preste por petición individual dos usuarios (descarga de arquivos de vídeo ou audio...), sempre que represente unha actividade económica para o prestador. Estes servizos son ofrecidos polos operadores de telecomunicacións, os provedores de acceso á Internet, os portais, os motores de busca ou calquera outro suxeito que dispoña dun sitio na Internet a través do que realice algunha das actividades indicadas, incluído o comercio electrónico.

Desde un punto de vista subxectivo, a lei aplícase, con carácter xeral, ós prestadores de servizos establecidos en España. Por «establecemento» enténdese o lugar desde o que se dirixe e xestiona unha actividade económica, definición esta que se inspira no concepto de domicilio fiscal recollido nas normas tributarias españolas e que resulta compatible coa noción material de establecemento predicada polo dereito comunitario. A lei resulta igualmente aplicable a quen sen ser residente en España presta servizos da sociedade da información a través dun «establecemento permanente» situado en España. Neste último caso, a suxeición á lei é unicamente parcial, respecto a aqueles servizos que se presten desde España.

O lugar de establecemento do prestador de servizos é un elemento esencial na lei, porque del depende o ámbito de aplicación non só desta lei, senón de tódalas demais disposicións do ordenamento español que lles sexan de aplicación, en función da actividade que desenvolvan. Así mesmo, o lugar de establecemento do prestador determina a lei e as autoridades competentes para o control do seu cumprimento, de acordo co principio da aplicación da lei do país de orixe que inspira a Directiva 2000/31/CE.

Polo demais, só se permite restrinxir-la libre prestación en España de servizos da sociedade da información procedentes doutros países pertencentes ó Espacio Económico Europeo nos supostos previstos na Directiva 2000/31/CE, que consisten na produción dun dano ou perigo graves contra certos valores fundamentais como a orde pública, a saúde pública ou a protección dos menores. Igualmente, poderá restrinxirse a prestación de servizos provenientes dos ditos estados cando afecten a algunha das materias excluídas do principio de país de orixe, que a lei concreta no seu artigo 3, e se incumpran as disposicións da normativa española que, se é o caso, resulte aplicable a estas.

III

Prevese a anotación do nome ou nomes de dominio da Internet que correspondan ó prestador de servizos

no rexistro público en que, se é o caso, o dito prestador conste inscrito para a adquisición de personalidade xurídica para os únicos efectos de publicidade, co fin de garantir que a vinculación entre o prestador, o seu establecemento físico e seu «establecemento» ou localización na rede, que proporciona o seu enderezo da Internet, sexa facilmente accesible para os cidadáns e a Administración pública.

A lei establece, así mesmo, as obrigacións e responsabilidades dos prestadores de servicios que realicen actividades de intermediación como as de transmisión, copia, aloxamento e localización de datos na rede. En xeral, estas imponen ós ditos prestadores un deber de colaboración para impedir que determinados servicios ou contidos ilícitos se sigan divulgando. As responsabilidades que poden derivar do incumprimento destas normas non son só de orde administrativa, senón de tipo civil ou penal, segundo os bens xurídicos afectados e as normas que resulten aplicables.

Destaca, por outra parte, na lei, o seu afán por protexer os intereses dos destinatarios de servicios, de forma que estes poidan gozar de garantías suficientes á hora de contratar un servicio ou ben pola Internet. Con esta finalidade, a lei imponlles ós prestadores de servicios a obrigación de facilitar-lle acceso ós seus datos de identificación a cantos visiten o seu sitio na Internet; a de informa-los destinatarios sobre os prezos que apliquen ós seus servicios e a de lles permitir a estes visualizaren, imprimiren e arquivaren as condicións xerais a que se someta, se é o caso, o contrato. Cando a contratación se efectúe con consumidores, o prestador de servicios deberá, ademais, guialos durante o proceso de contratación, indicándolle-lle os pasos que han de dar e a forma de corrixir posibles erros na introducción de datos, e confirma-la aceptación realizada unha vez recibida.

No que se refire ás comunicacións comerciais, a lei establece que estas deban identificarse como tales, e prohíbe o seu envío por correo electrónico ou outras vías de comunicación electrónica equivalente, salvo que o destinatario prestara o seu consentimento.

IV

Favorécese igualmente a celebración de contratos por vía electrónica, ó afirma-la lei, de acordo co principio espiritualista que rexe a perfección dos contratos no noso dereito, a validez e eficacia do consentimento prestado por vía electrónica, declarar que non é necesaria a admisión expresa desta técnica para que o contrato teña efecto entre as partes, e asegura-la equivalencia entre os documentos en soporte papel e os documentos electrónicos para efectos do cumprimento do requisito de «forma escrita» que figura en diversas leis.

Aprovéitase a ocasión para fixa-lo momento e lugar de celebración dos contratos electrónicos, adoptando unha solución única, tamén válida para outros tipos de contratos celebrados a distancia, que unifica o criterio dispar contido ata agora nos Códigos civil e de comercio.

As disposicións contidas nesta lei sobre aspectos xerais da contratación electrónica, como as relativas á validez e eficacia dos contratos electrónicos ou ó momento de prestación do consentimento, serán de aplicación incluso cando ningunha das partes teña a condición de prestador ou destinatario de servicios da sociedade da información.

A lei promove a elaboración de códigos de conducta sobre as materias reguladas nesta lei, ó considerar que son un instrumento de autorregulación especialmente apto para adapta-los diversos preceptos da lei ás características específicas de cada sector. Pola súa sinxeleza, rapidez e comodidade para os usuarios, potenciase igualmente o recurso á arbitrase e ós procedementos alter-

nativos de resolución de conflitos que poidan crearse mediante códigos de conducta, para dirimi-las disputas que poidan xurdir na contratación electrónica e no uso dos demais servicios da sociedade da información. Favorécese, ademais, o uso de medios electrónicos na tramitación dos ditos procedementos, respectando, se é o caso, as normas que, sobre a utilización dos ditos medios, establece a normativa específica sobre arbitrase.

De conformidade co disposto nas Directivas 2000/31/CE e 98/27/CE, régúlase a acción de cesación que poderá exercitarse para facer cesa-la realización de condutas contrarias á presente lei que vulneren os intereses dos consumidores e usuarios. Para o exercicio desta acción, deberá terse en conta, ademais do disposto nesta lei, o establecido na lei xeral de incorporación da Directiva 98/27/CE.

A lei prevé, así mesmo, a posibilidade de que os cidadáns e entidades se dirixan a diferentes ministerios e órganos administrativos para obter información práctica sobre distintos aspectos relacionados coas materias obxecto desta lei, o que requirirá o establecemento de mecanismos que aseguren a máxima coordinación entre eles e a homoxeneidade e coherencia da información subministrada ós usuarios.

Finalmente, establécese un réxime sancionador proporcionado pero eficaz, como indica a Directiva 2000/31/CE, para disuadi-los prestadores de servicios do incumprimento do disposto nesta lei.

Así mesmo, recóllese na lei unha serie de previsións orientadas a facer efectiva a accesibilidade das persoas con discapacidade á información proporcionada por medios electrónicos, e moi especialmente á información subministrada polas administracións públicas, compromiso ó que se refire a resolución do Consello da Unión Europea do 25 de marzo de 2002, sobre accesibilidade dos sitios web públicos e do seu contido.

Esta disposición foi elaborada seguindo un amplo proceso de consulta pública e foi sometida ó procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas previsto na Directiva 98/34/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño, modificada pola Directiva 98/48/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de xullo, e no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo.

TÍTULO I

Disposicións xerais

CAPÍTULO I

Obxecto

Artigo 1. *Obxecto.*

1. É obxecto desta lei a regulación do réxime xurídico dos servicios da sociedade da información e da contratación por vía electrónica, no referente ás obrigacións dos prestadores de servicios, incluídos os que actúan como intermediarios na transmisión de contidos polas redes de telecomunicacións, as comunicacións comerciais por vía electrónica, a información previa e posterior á celebración de contratos electrónicos, as condicións relativas á súa validez e eficacia e o réxime sancionador aplicable ós prestadores de servicios da sociedade da información.

2. As disposicións contidas nesta lei entenderanse sen prexuízo do disposto noutras normas estatais ou autonómicas alleas ó ámbito normativo coordinado, ou que teñan como finalidade a protección da saúde e segu-

ridade pública, incluída a salvagarda da defensa nacional, os intereses do consumidor, o réxime tributario aplicable ós servizos da sociedade da información, a protección de datos persoais e a normativa reguladora de defensa da competencia.

CAPÍTULO II

Ámbito de aplicación

Artigo 2. *Prestadores de servizos establecidos en España.*

1. Esta lei será de aplicación ós prestadores de servizos da sociedade da información establecidos en España e ós servizos prestados por eles.

Entenderase que un prestador de servizos está establecido en España cando a súa residencia ou domicilio social se encontren en territorio español, sempre que estes coincidan co lugar en que estea efectivamente centralizada a xestión administrativa e a dirección dos seus negocios. Noutro caso, atenderase ó lugar en que se realice a dita xestión ou dirección.

2. Así mesmo, esta lei será de aplicación ós servizos da sociedade da información que os prestadores residentes ou domiciliados noutro estado ofrezan a través dun establecemento permanente situado en España.

Considerarase que un prestador opera mediante un establecemento permanente situado en territorio español cando dispoña neste, de forma continuada ou habitual, de instalacións ou lugares de traballo, nos que realice toda ou parte da súa actividade.

3. Para os efectos previstos neste artigo, presumirase que o prestador de servizos está establecido en España cando o prestador ou algunha das súas sucursais se inscriban no Rexistro Mercantil ou noutro rexistro público español no que fora necesaria a inscrición para a adquisición de personalidade xurídica.

A utilización de medios tecnolóxicos situados en España, para a prestación ou o acceso ó servizo non servirá como criterio para determinar, por si só, o establecemento en España do prestador.

4. Os prestadores de servizos da sociedade da información establecidos en España estarán suxeitos ás demais disposicións do ordenamento xurídico español que lles sexan de aplicación, en función da actividade que desenvolvan, con independencia da utilización de medios electrónicos para a súa realización.

Artigo 3. *Prestadores de servizos establecidos noutro estado membro da Unión Europea ou do Espacio Económico Europeo.*

1. Sen prexuízo do disposto nos artigos 7.1 e 8, esta lei aplicaráselles ós prestadores de servizos da sociedade da información establecidos noutro estado membro da Unión Europea ou do Espacio Económico Europeo cando o destinatario dos servizos radique en España e os servizos afecten ás materias seguintes:

- a) Dereitos de propiedade intelectual ou industrial.
- b) Emisión de publicidade por institucións de investimento colectivo.
- c) Actividade de seguro directo realizada en réxime de dereito de establecemento ou en réxime de libre prestación de servizos.
- d) Obrigacións nadas dos contratos celebrados por persoas físicas que teñan a condición de consumidores.
- e) Réxime de elección polas partes contratantes da lexislación aplicable ó seu contrato.
- f) Licitude das comunicacións comerciais por correo electrónico ou outro medio de comunicación electrónica equivalente non solicitadas.

2. En todo caso, a constitución, transmisión, modificación e extinción de dereitos reais sobre bens inmóviles sitos en España suxeitarase ós requisitos formais de validez e eficacia establecidos no ordenamento xurídico español.

3. Os prestadores de servizos ós que se refire o punto 1 quedarán igualmente sometidos ás normas do ordenamento xurídico español que regulen as materias sinaladas no dito punto.

4. Non será aplicable o disposto nos puntos anteriores ós supostos en que, de conformidade coas normas reguladoras das materias enumeradas no punto 1, non fose de aplicación a lei do país en que resida ou estea establecido o destinatario do servizo.

Artigo 4. *Prestadores establecidos nun estado non pertencente á Unión Europea ou ó Espacio Económico Europeo.*

Ós prestadores establecidos en países que non sexan membros da Unión Europea ou do Espacio Económico Europeo seralles de aplicación o disposto nos artigos 7.2 e 8.

Os prestadores que dirixan os seus servizos especificamente ó territorio español quedarán suxeitos, ademais, ás obrigacións previstas nesta lei, sempre que iso non contraveña o establecido en tratados ou convenios internacionais que sexan aplicables.

Artigo 5. *Servizos excluídos do ámbito de aplicación da lei.*

1. Rexeranse pola súa normativa específica as seguintes actividades e servizos da sociedade da información:

- a) Os servizos prestados por notarios e rexistradores da propiedade e mercantís no exercicio das súas respectivas funcións públicas.
- b) Os servizos prestados por avogados e procuradores no exercicio das súas funcións de representación e defensa en xuízo.

2. As disposicións desta lei, coa excepción do establecido no artigo 7.1, serán aplicables ós servizos da sociedade da información relativos a xogos de azar que impliquen apostas de valor económico, sen prexuízo do establecido na súa lexislación específica estatal ou autonómica.

TÍTULO II

Prestación de servizos da sociedade da información

CAPÍTULO I

Principio de libre prestación de servizos

Artigo 6. *Non suxeición a autorización previa.*

A prestación de servizos da sociedade da información non estará suxeita a autorización previa.

Esta norma non afectará os réximes de autorización previstos no ordenamento xurídico que non teñan por obxecto específico e exclusivo a prestación por vía electrónica dos correspondentes servizos.

Artigo 7. *Principio de libre prestación de servizos.*

1. A prestación de servizos da sociedade da información que procedan dun prestador establecido nalgún

estado membro da Unión Europea ou do Espacio Económico Europeo realizarase en réxime de libre prestación de servizos, sen que poida establecerse ningún tipo de restricións a estes por razóns derivadas do ámbito normativo coordinado, excepto nos supostos previstos nos artigos 3 e 8.

2. A aplicación do principio de libre prestación de servizos da sociedade da información a prestadores establecidos en estados non membros do Espacio Económico Europeo aterase ós acordos internacionais que resulten de aplicación.

Artigo 8. *Restriccións á prestación de servizos.*

1. En caso de que un determinado servizo da sociedade da información atente ou poida atentar contra os principios que se expresan a continuación, os órganos competentes para a súa protección, en exercicio das funcións que teñan legalmente atribuídas, poderán adoptar as medidas necesarias para que se interrompa a súa prestación ou para retirar-las datos que os vulneran. Os principios a que alude este punto son os seguintes:

- a) A salvagarda da orde pública, a investigación penal, a seguridade pública e a defensa nacional.
- b) A protección da saúde pública ou das persoas físicas que teñan a condición de consumidores ou usuarios, incluso cando actúen como investidores.
- c) O respecto á dignidade da persoa e ó principio de non discriminación por motivos de raza, sexo, relixión, opinión, nacionalidade, discapacidade ou calquera outra circunstancia persoal ou social, e
- d) A protección da xuventude e da infancia.

Na adopción e cumprimento das medidas de restrición a que alude este punto respectaranse, en todo caso, as garantías, normas e procedementos previstos no ordenamento xurídico para protexer-las dereitos á intimidade persoal e familiar, á protección dos datos persoais, á liberdade de expresión ou á liberdade de información, cando estes puidesen resultar afectados.

En tódolos casos en que a Constitución, as normas reguladoras dos respectivos dereitos e liberdades ou as que resulten aplicables ás diferentes materias atribúan competencia ós órganos xurisdiccionais para intervir no exercicio de actividades ou dereitos, só a autoridade xudicial competente poderá adoptar-las medidas previstas neste artigo.

2. Se para garanti-la efectividade da resolución que acorde a interrupción da prestación dun servizo ou a retirada de datos procedentes dun prestador establecido noutro Estado, o órgano competente estimase necesario impedi-lo acceso desde España a estes, poderá ordenarlles ós prestadores de servizos de intermediación establecidos en España, directamente ou mediante solicitude motivada ó Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, que tomen as medidas necesarias para impedi-lo dito acceso.

Se será de aplicación o disposto no artigo 11 cando os datos que deban retirarse ou o servizo que deba interromperse procedan dun prestador establecido en España.

3. As medidas de restrición a que fai referencia este artigo serán obxectivas, proporcionadas e non discriminatorias, e adoptaranse de forma cautelar ou en execución das resolucións que se dicten, conforme os procedementos administrativos legalmente establecidos ou os previstos na lexislación procesual que corresponda.

4. Fóra do ámbito dos procesos xudiciais, cando se establezan restricións que afecten a un servizo da sociedade da información que proceda dalgún dos esta-

dos membros da Unión Europea ou do Espacio Económico Europeo distinto de España, seguirase o seguinte procedemento:

a) O órgano competente requirirá ó estado membro en que estea establecido o prestador afectado para que adopte as medidas oportunas. No caso de que non as adopte ou resulten insuficientes, o dito órgano notificaralles, con carácter previo, á Comisión Europea ou, se é o caso, ó Comité Mixto do Espacio Económico Europeo e ó estado membro de que se trate as medidas que ten intención de adoptar.

b) Nos supostos de urxencia, o órgano competente poderá adoptar-las medidas oportunas, notificándollas ó estado membro de procedencia e á Comisión Europea ou, se é o caso, ó Comité Mixto do Espacio Económico Europeo no prazo de quince días desde a súa adopción. Así mesmo, deberá indica-la causa da dita urxencia.

Os requirimentos e notificacións a que alude este punto realizaranse sempre a través do órgano da Administración xeral do Estado competente para a comunicación e transmisión de información ás Comunidades Europeas.

CAPÍTULO II

Obrigacións e réxime de responsabilidade dos prestadores de servizos da sociedade da información

SECCIÓN 1.^a OBRIGACIÓNS

Artigo 9. *Constancia rexistral do nome de dominio.*

1. Os prestadores de servizos da sociedade da información establecidos en España deberanlle comunicar ó Rexistro Mercantil no que se encontren inscritos, ou a aqueloutro rexistro público no que o estiveran para a adquisición de personalidade xurídica ou para os únicos efectos de publicidade, polo menos, un nome de dominio ou enderezo da Internet que, se é o caso, utilicen para a súa identificación na Internet, así como todo acto de substitución ou cancelación destes, salvo que a dita información conste xa no correspondente rexistro.

2. Os nomes de dominio e a súa substitución ou cancelación faranse constar en cada rexistro, de conformidade coas súas normas reguladoras.

As anotacións practicadas nos rexistros mercantís comunicaranse inmediatamente ó Rexistro Mercantil Central para a súa inclusión entre os datos que son obxecto de publicidade informativa polo dito rexistro.

3. A obrigaçión de comunicación a que se refire o punto 1 deberá cumprirse no prazo dun mes desde a obtención, substitución ou cancelación do correspondente nome de dominio ou enderezo da Internet.

Artigo 10. *Información xeral.*

1. Sen prexuízo dos requisitos que en materia de información se establecen na normativa vixente, o prestador de servizos da sociedade da información estará obrigado a dispor dos medios que permitan, tanto ós destinatarios do servizo como ós órganos competentes, acceder por medios electrónicos, de forma permanente, fácil, directa e gratuíta, á seguinte información:

a) O seu nome ou denominación social; a súa residencia ou domicilio ou, no seu defecto, o enderezo dun dos seus establecementos permanentes en España; o seu enderezo de correo electrónico e calquera outro dato

que permita establecer con el unha comunicación directa e efectiva.

b) Os datos da súa inscrición no rexistro a que se refire o artigo 9.

c) No caso de que a súa actividade estivese suxeita a un réxime de autorización administrativa previa, os datos relativos á dita autorización e os identificativos do órgano competente encargado da súa supervisión.

d) Se exerce unha profesión regulada deberá indicar:

1.º Os datos do colexio profesional ó que, se é o caso, pertenza e número de colexiado.

2.º O título académico oficial ou profesional co que conte.

3.º O estado da Unión Europea ou do Espacio Económico Europeo no que se expediu o dito título e, se é o caso, a correspondente homologación ou recoñecemento.

4.º As normas profesionais aplicables ó exercicio da súa profesión e os medios a través dos cales se poidan coñecer, incluídos os electrónicos.

e) O número de identificación fiscal que lle corresponda.

f) Información clara e exacta sobre o prezo do produto ou servizo, indicando se inclúe ou non os impostos aplicables e, se é o caso, sobre os gastos de envío.

g) Os códigos de conducta ós que, se é o caso, estea adherido e a maneira de consultalos electronicamente.

2. A obrigaçión de facilitar esta información darase por cumprida se o prestador a inclúe na súa páxina ou sitio da Internet nas condicións sinaladas no punto 1.

Artigo 11. *Deber de colaboración dos prestadores de servizos de intermediación.*

1. Cando un órgano competente por razón da materia ordenara, en exercicio das funcións que legalmente teña atribuídas, que se interrompa a prestación dun servizo da sociedade da información ou a retirada de determinados contidos provenientes de prestadores establecidos en España, e para iso fose necesaria a colaboración dos prestadores de servizos de intermediación, poderá ordenarlles ós ditos prestadores, directamente ou mediante solicitude motivada ó Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, que suspendan a transmisión, o aloxamento de datos, o acceso ás redes de telecomunicacións ou a prestación de calquera outro servizo equivalente de intermediación que realizaran.

2. Na adopción e cumprimento das medidas a que se refire o punto anterior, respectaranse, en todo caso, as garantías, normas e procedementos previstos no ordenamento xurídico para protexe-los dereitos á intimidade persoal e familiar, á protección dos datos persoais, á liberdade de expresión ou á liberdade de información, cando estes puidesen resultar afectados.

En tódolos casos en que a Constitución, as normas reguladoras dos respectivos dereitos e liberdades ou as que resulten aplicables ás diferentes materias atribúan competencia ós órganos xurisdiccionais para intervir no exercicio de actividades ou dereitos, só a autoridade xudicial competente poderá adoptar-las medidas previstas neste artigo.

3. As medidas a que fai referencia este artigo serán obxectivas, proporcionadas e non discriminatorias, e adoptaranse de forma cautelara ou en execución das resolucións que se dicten, conforme os procedementos administrativos legalmente establecidos ou os previstos na lexislación procesual que corresponda.

Artigo 12. *Deber de retención de datos de tráfico relativos ás comunicacións electrónicas.*

1. Os operadores de redes e servizos de comunicacións electrónicas, os provedores de acceso a redes de telecomunicacións e os prestadores de servizos de aloxamento de datos deberán rete-los datos de conexión e tráfico xerados polas comunicacións establecidas durante a prestación dun servizo da sociedade da información por un período máximo de doce meses, nos termos establecidos neste artigo e na súa normativa de desenvolvemento.

2. Os datos que, en cumprimento do disposto no punto anterior, deberán conserva-los operadores de redes e servizos de comunicacións electrónicas e os provedores de acceso a redes de telecomunicacións serán unicamente os necesarios para facilita-la localización do equipo terminal empregado polo usuario para a transmisión da información.

Os prestadores de servizos de aloxamento de datos deberán reter só aqueles imprescindibles para identifica-la orixe dos datos aloxados e o momento en que se iniciou a prestación do servizo.

En ningún caso, a obrigaçión de retención de datos afectará o segredo das comunicacións.

Os operadores de redes e servizos de comunicacións electrónicas e os prestadores de servizos a que se refire este artigo non poderán utiliza-los datos retidos para fins distintos dos indicados no punto seguinte ou outros que estean permitidos pola lei, e deberán adoptar medidas de seguridade apropiadas para evita-la súa perda ou alteraçión e o acceso non autorizado a eles.

3. Os datos conservaranse para a súa utilización no marco dunha investigación criminal ou para a salvagarda da seguridade pública e a defensa nacional, poñéndose á disposición dos xuíces ou tribunais ou do ministerio fiscal que así os requiran. A comunicación destes datos ás forzas e corpos de seguridade farase con suxeición ó disposto na normativa sobre protección de datos persoais.

4. Regulamentariamente, determinaranse as categorías de datos que deberán conservarse segundo o tipo de servizo prestado, o prazo durante o que deberán reterse en cada suposto dentro do máximo previsto neste artigo, as condicións en que deberán almacenarse, tratarse e custodiarse e a forma en que, se é o caso, deberán entregarse ós órganos autorizados para a súa solicitude e destruírse, transcorrido o prazo de retención que proceda, salvo que foran necesarios para estes ou outros fins previstos na lei.

SECCIÓN 2.^a RÉXIME DE RESPONSABILIDADE

Artigo 13. *Responsabilidade dos prestadores dos servizos da sociedade da información.*

1. Os prestadores de servizos da sociedade da información están suxeitos á responsabilidade civil, penal e administrativa establecida con carácter xeral no ordenamento xurídico, sen prexuízo do disposto nesta lei.

2. Para determina-la responsabilidade dos prestadores de servizos polo exercicio de actividades de intermediación, haberá que a terse ó establecido nos artigos seguintes.

Artigo 14. *Responsabilidade dos operadores de redes e provedores de acceso.*

1. Os operadores de redes de telecomunicacións e provedores de acceso a unha rede de telecomunica-

9
 cións que presten un servizo de intermediación que consista en transmitir por unha rede de telecomunicacións datos facilitados polo destinatario do servizo ou en facilitar acceso a esta non serán responsables pola información transmitida, salvo que eles mesmos orixinaran a transmisión, modificaran os datos ou seleccionaran estes ou os destinatarios dos ditos datos.

Non se entenderá por modificación a manipulación estritamente técnica dos arquivos que alberguen os datos, que ten lugar durante a súa transmisión.

2. As actividades de transmisión e provisión de acceso a que se refire o punto anterior inclúen o almacenamento automático, provisional e transitorio dos datos, sempre que sirva exclusivamente para permitirla súa transmisión pola rede de telecomunicacións e a súa duración non supere o tempo razoablemente necesario para iso.

Artigo 15. Responsabilidade dos prestadores de servizos que realizan copia temporal dos datos solicitados polos usuarios.

Os prestadores dun servizo de intermediación que transmitan por unha rede de telecomunicacións datos facilitados por un destinatario do servizo e, coa única finalidade de facer máis eficaz a súa transmisión ulterior a outros destinatarios que os soliciten, os almacenen nos seus sistemas de forma automática, provisional e temporal, non serán responsables polo contido deses datos nin pola reprodución temporal destes, se:

- a) Non modifican a información.
- b) Permiten o acceso a ela só ós destinatarios que cumplan as condicións impostas para tal fin, polo destinatario do que se solicita a información.
- c) Respectan as normas xeralmente aceptadas e aplicadas polo sector para a actualización da información.
- d) Non interfiren na utilización lícita de tecnoloxía xeralmente aceptada e empregada polo sector, co fin de obter datos sobre a utilización da información, e
- e) Retiran a información que almacenaran ou fan imposible o acceso a ela, en canto teñan coñecemento efectivo de:

1.º Que foi retirada do lugar da rede en que se encontraba inicialmente.

2.º Que se imposibilitou o acceso a ela, ou

3.º Que un tribunal ou órgano administrativo competente ordenou retirala ou impedir que se acceda a ela.

Artigo 16. Responsabilidade dos prestadores de servizos de aloxamento ou almacenamento de datos.

1. Os prestadores dun servizo de intermediación consistente en albergar datos proporcionados polo destinatario deste servizo non serán responsables pola información almacenada por petición do destinatario, sempre que:

- a) Non teñan coñecemento efectivo de que a actividade ou a información almacenada é ilícita ou de que lesiona bens ou dereitos dun terceiro susceptibles de indemnización, ou
- b) Se o teñen, actúen con dilixencia para retiralos datos ou facer imposible o acceso a eles.

Entenderase que o prestador de servizos ten o coñecemento efectivo a que se refire a alínea a) cando un órgano competente declarara a ilicitude dos datos, ordenara a súa retirada ou que se imposibilite o acceso a

eles, ou se declarara a existencia da lesión, e o prestador coñecera a correspondente resolución, sen prexuízo dos procedementos de detección e retirada de contidos que os prestadores apliquen en virtude de acordos voluntarios e doutros medios de coñecemento efectivo que puideran establecerse.

2. A exención de responsabilidade establecida no punto 1 non operará no suposto de que o destinatario do servizo actúe baixo a dirección, autoridade ou control do seu prestador.

Artigo 17. Responsabilidade dos prestadores de servizos que faciliten enlaces a contidos ou instrumentos de busca.

1. Os prestadores de servizos da sociedade da información que faciliten enlaces a outros contidos ou nos seus inclúan directorios ou instrumentos de busca de contidos non serán responsables pola información á que dirixan os destinatarios dos seus servizos, sempre que:

a) Non teñan coñecemento efectivo de que a actividade ou a información á que remiten ou recomendan é ilícita ou de que lesiona bens ou dereitos dun terceiro susceptible de indemnización, ou

b) Se o teñen, actúen con dilixencia para suprimir ou inutiliza-lo enlace correspondente.

Entenderase que o prestador de servizos ten o coñecemento efectivo a que se refire a alínea a) cando un órgano competente declarara a ilicitude dos datos, ordenara a súa retirada ou que se imposibilite o acceso a eles, ou se declarase a existencia da lesión, e o prestador coñecera a correspondente resolución, sen prexuízo dos procedementos de detección e retirada de contidos que os prestadores apliquen en virtude de acordos voluntarios e doutros medios de coñecemento efectivo que puideran establecerse.

2. A exención de responsabilidade establecida no punto 1 non operará no suposto de que o destinatario do servizo actúe baixo a dirección, autoridade ou control do prestador que facilite a localización deses contidos.

CAPÍTULO III

Códigos de conducta

Artigo 18. Códigos de conducta.

1. As administracións públicas impulsarán, a través da coordinación e o asesoramento, a elaboración e aplicación de códigos de conducta voluntarios, por parte das corporacións, asociacións ou organizacións comerciais, profesionais e de consumidores, nas materias reguladas nesta lei. A Administración xeral do Estado fomentará, en especial, a elaboración de códigos de conducta de ámbito comunitario ou internacional.

Os códigos de conducta poderán tratar, en particular, sobre os procedementos para a detección e retirada de contidos ilícitos e a protección dos destinatarios fronte ó envío por vía electrónica de comunicacións comerciais non solicitadas, así como sobre os procedementos extraxudiciais para a resolución dos conflitos que xurdan pola prestación dos servizos da sociedade da información.

2. Na elaboración dos ditos códigos deberá garantirse a participación das asociacións de consumidores e usuarios e a das organizacións representativas de persoas con discapacidades físicas ou psíquicas, cando afecten os seus respectivos intereses.

Cando o seu contido poida afectarlles, os códigos de conducta terán especialmente en conta a protección dos menores e da dignidade humana, podendo elabo-

rarse, en caso necesario, códigos específicos sobre estas materias.

Os poderes públicos estimularán, en particular, o establecemento de criterios comúns acordados pola industria para a clasificación e etiquetaxe de contidos e a adhesión dos prestadores a estes.

3. Os códigos de conducta ós que fan referencia os puntos precedentes deberán ser accesibles por vía electrónica. Fomentarase a súa tradución a outras linguas oficiais na Comunidade Europea, con obxecto de darlles maior difusión.

TÍTULO III

Comunicacións comerciais por vía electrónica

Artigo 19. *Réxime xurídico.*

1. As comunicacións comerciais e as ofertas promocionais rexeranse, ademais de pola presente lei, pola súa normativa propia e a vixente en materia comercial e de publicidade.

2. En todo caso, será de aplicación a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e a súa normativa de desenvolvemento, en especial, no que se refire á obtención de datos persoais, a información ós interesados e a creación e mantemento de ficheiros de datos persoais.

Artigo 20. *Información esixida sobre as comunicacións comerciais, ofertas promocionais e concursos.*

1. As comunicacións comerciais realizadas por vía electrónica deberán ser claramente identificables como tales e deberán indica-la persoa física ou xurídica en nome da cal se realizan.

No caso no que teñan lugar a través de correo electrónico ou outro medio de comunicación electrónica equivalente incluirán ó comezo da mensaxe a palabra «publicidade».

2. Nos supostos de ofertas promocionais, como as que inclúan descontos, premios e regalos, e de concursos ou xogos promocionais, logo da correspondente autorización, deberase asegurar, ademais do cumprimento dos requisitos establecidos no punto anterior e nas normas de ordenación do comercio, que queden claramente identificados como tales e que as condicións de acceso e, se é o caso, de participación se expresen de forma clara e inequívoca.

Artigo 21. *Prohibición de comunicacións comerciais non solicitadas realizadas a través de correo electrónico ou medios de comunicación electrónica equivalentes.*

Queda prohibido o envío de comunicacións publicitarias ou promocionais por correo electrónico ou outro medio de comunicación electrónica equivalente que previamente non foran solicitadas ou expresamente autorizadas polos seus destinatarios.

Artigo 22. *Dereitos dos destinatarios de comunicacións comerciais.*

1. Se o destinatario de servicios debese facilita-lo seu enderezo de correo electrónico durante o proceso de contratación ou de subscrición a algún servicio e o prestador pretendese utilizala posteriormente para o envío de comunicacións comerciais, deberá poñer en coñecemento do seu cliente esa intención e solicita-lo seu consentimento para a recepción das ditas comu-

nicacións, antes de finaliza-lo procedemento de contratación.

2. O destinatario poderá revogar en calquera momento o consentimento prestado á recepción de comunicacións comerciais coa simple notificación da súa vontade ó remitente.

Para tal efecto, os prestadores de servicios deberán habilitar procedementos sinxelos e gratuítos para que os destinatarios de servicios poidan revoga-lo consentimento que prestaran.

Así mesmo, deberán facilitar información accesible por medios electrónicos sobre os ditos procedementos.

TÍTULO IV

Contratación por vía electrónica

Artigo 23. *Validez e eficacia dos contratos celebrados por vía electrónica.*

1. Os contratos celebrados por vía electrónica producirán tódolos efectos previstos polo ordenamento xurídico, cando concorran o consentimento e os demais requisitos necesarios para a súa validez.

Os contratos electrónicos rexeranse polo disposto neste título, polos Códigos civil e de comercio e polas restantes normas civís ou mercantís sobre contratos, en especial, as normas de protección dos consumidores e usuarios e de ordenación da actividade comercial.

2. Para que sexa válida a celebración de contratos por vía electrónica non será necesario o previo acordo das partes sobre a utilización de medios electrónicos.

3. Sempre que a lei esixa que o contrato ou calquera información relacionada con el conste por escrito, este requisito entenderase satisfeito se o contrato ou a información se contén nun soporte electrónico.

4. Non será de aplicación o disposto no presente título ós contratos relativos ó dereito de familia e sucesións.

Os contratos, negocios ou actos xurídicos nos que a lei determine para a súa validez ou para a produción de determinados efectos a forma documental pública, ou que requiran por lei a intervención de órganos xurisdiccionais, notarios, rexistradores da propiedade e mercantís ou autoridades públicas, rexeranse pola súa lexislación específica.

Artigo 24. *Proba dos contratos celebrados por vía electrónica.*

1. A proba da celebración dun contrato por vía electrónica e a das obrigacións que teñen a súa orixe nel suxeitarase ás regras xerais do ordenamento xurídico e, se é o caso, ó establecido na lexislación sobre sinatura electrónica.

2. En todo caso, o soporte electrónico en que conste un contrato celebrado por vía electrónica será admisible en xuízo como proba documental.

Artigo 25. *Intervención de terceiros de confianza.*

1. As partes poderán pactar que un terceiro archive as declaracións de vontade que integran os contratos electrónicos e que consigne a data e a hora en que as ditas comunicacións tiveron lugar. A intervención dos ditos terceiros non poderá alterar nin substituí-las funcións que corresponde realizar ás persoas facultadas de acordo a dereito para dar fe pública.

2. O terceiro deberá archivar en soporte informático as declaracións que tiveran lugar por vía telemática entre as partes polo tempo estipulado, que, en ningún caso, será inferior a cinco anos.

Artigo 26. Lei aplicable.

Para a determinación da lei aplicable ós contratos electrónicos haberá que aterse ó disposto nas normas de dereito internacional privado do ordenamento xurídico español, debendo tomarse en consideración para a súa aplicación o establecido nos artigos 2 e 3 desta lei.

Artigo 27. Obrigacións previas ó inicio do procedemento de contratación.

1. Ademais do cumprimento dos requisitos en materia de información que se establecen na normativa vixente, o prestador de servizos da sociedade da información que realice actividades de contratación electrónica terá a obriga-ción de informa-lo destinatario de maneira clara, comprensible e inequívoca, e antes de inicia-lo procedemento de contratación, sobre os seguintes puntos:

- a) Os distintos trámites que deben seguirse para celebra-lo contrato.
- b) Se o prestador vai archiva-lo documento electrónico en que se formalice o contrato e se este vai ser accesible.
- c) Os medios técnicos que pon á súa disposición para identificar e corrixir erros na introducción dos datos, e
- d) A lingua ou linguas en que poderá formalizarse o contrato.

2. O prestador non terá a obriga-ción de facilita-la información sinalada no punto anterior cando:

- a) Ámbolos contratantes así o acorden e ningún deles teña a consideración de consumidor, ou
- b) O contrato se celebrara exclusivamente mediante intercambio de correo electrónico ou outro tipo de comunicación electrónica equivalente, cando estes medios non sexan empregados co exclusivo propósito de eludi-lo cumprimento de tal obriga-ción.

3. Sen prexuízo do disposto na lexislación específica, as ofertas ou propostas de contratación realizadas por vía electrónica serán válidas durante o período que fixe o oferente ou, no seu defecto, durante todo o tempo que permanezan accesibles ós destinatarios do servizo.

4. Con carácter previo ó inicio do procedemento de contratación, o prestador de servizos deberá poñer á disposición do destinatario as condicións xerais a que, se é o caso, deba suxeitarse o contrato, de maneira que estas poidan ser almacenadas e reproducidas polo destinatario.

Artigo 28. Información posterior á celebración do contrato.

1. O oferente está obrigado a confirma-la recepción da aceptación ó que a fixo por algún dos seguintes medios:

- a) O envío dun xustificante de recepción por correo electrónico ou outro medio de comunicación electrónica equivalente ó enderezo que o aceptante sinalara, no prazo das vinticatro horas seguintes á recepción da aceptación, ou
- b) A confirmación, por un medio equivalente ó utilizado no procedemento de contratación, da aceptación recibida, tan pronto como o aceptante completara o dito procedemento, sempre que a confirmación poida ser arquivada polo seu destinatario.

Nos casos en que a obriga-ción de confirmación corresponda a un destinatario de servizos, o prestador facilitará o cumprimento da dita obriga-ción, poñendo á disposición do destinatario algún dos medios indicados

neste punto. Esta obriga-ción será esixible tanto se a confirmación deba dirixirse ó propio prestador ou a outro destinatario.

2. Entenderase que se recibiu a aceptación e a súa confirmación cando as partes a que se dirixan poidan ter constancia diso.

No caso de que a recepción da aceptación se confirme mediante xustificante de recepción, presumirase que o seu destinatario pode te-la referida constancia desde que aquel fora almacenado no servidor en que estea dada de alta a súa conta de correo electrónico, ou no dispositivo utilizado para a recepción de comunicacións.

3. Non será necesario confirma-la recepción da aceptación dunha oferta cando:

- a) Ámbolos contratantes así o acorden e ningún deles teña a consideración de consumidor, ou
- b) O contrato se celebrara exclusivamente mediante intercambio de correo electrónico ou outro tipo de comunicación electrónica equivalente, cando estes medios non sexan empregados co exclusivo propósito de eludi-lo cumprimento de tal obriga-ción.

Artigo 29. Lugar de celebración do contrato.

Os contratos celebrados por vía electrónica nos que interveña como parte un consumidor presumiranse celebrados no lugar en que este teña a súa residencia habitual.

Os contratos electrónicos entre empresarios ou profesionais, en defecto de pacto entre as partes, presumiranse celebrados no lugar en que estea establecido o prestador de servizos.

TÍTULO V**Solución xudicial e extraxudicial de conflitos****CAPÍTULO I****Acción de cesación****Artigo 30. Acción de cesación.**

1. Contra as condutas contrarias á presente lei que lesionen intereses colectivos ou difusos dos consumidores poderá interpoñerse acción de cesación.

2. A acción de cesación diríxese a obter unha sentenza que condene o demandado a cesar na conduta contraria á presente lei e a prohibi-la súa reiteración futura. Así mesmo, a acción poderá exercerse para prohibi-la realización dunha conduta cando esta finalizara ó tempo de exercita-la acción, se existen indicios suficientes que fagan teme-la súa reiteración de modo inminente.

3. A acción de cesación exercerase conforme as prescricións da Lei de axuízamento civil para esta clase de accións.

Artigo 31. Lexitimación activa.

Están lexitimados para interpoñe-la acción de cesación:

- a) As persoas físicas ou xurídicas titulares dun dereito ou interese lexítimo.
- b) Os grupos de consumidores ou usuarios afectados, nos casos e condicións previstos na Lei de axuízamento civil.
- c) As asociacións de consumidores e usuarios que reúnan os requisitos establecidos na Lei 26/1984, do 19 de xullo, xeral para a defensa dos consumidores e usuarios, ou, se é o caso, na lexislación autonómica en materia de defensa dos consumidores.

d) O ministerio fiscal.
 e) O Instituto Nacional do Consumo e os órganos correspondentes das comunidades autónomas e das corporacións locais competentes en materia de defensa dos consumidores.

f) As entidades doutros estados membros da Unión Europea constituídas para a protección dos intereses colectivos ou difusos dos consumidores que estean habilitadas ante a Comisión Europea mediante a súa inclusión na lista publicada para tal fin no «Diario Oficial de las Comunidades Europeas».

Os xuíces e tribunais aceptarán a dita lista como proba da capacidade da entidade habilitada para ser parte, sen prexuízo de examinar se a finalidade desta e os intereses afectados lexitiman o exercicio da acción.

CAPÍTULO II

Solución extraxudicial de conflitos

Artigo 32. *Solución extraxudicial de conflitos.*

1. O prestador e o destinatario de servicios da sociedade da información poderán somete-los seus conflitos ás arbitraxes previstas na lexislación de arbitraje e de defensa dos consumidores e usuarios, e ós procedementos de resolución extraxudicial de conflitos que se instauren por medio de códigos de conducta ou outros instrumentos de autorregulación.

2. Nos procedementos de resolución extraxudicial de conflitos a que fai referencia o punto anterior, poderá facerse uso de medios electrónicos, nos termos que estableza a súa normativa específica.

TÍTULO VI

Información e control

Artigo 33. *Información ós destinatarios e prestadores de servicios.*

Os destinatarios e prestadores de servicios da sociedade da información poderán dirixirse ós ministerios de Ciencia e Tecnoloxía, de Xustiza, de Economía e de Sanidade e Consumo, e ós órganos que determinen as respectivas comunidades autónomas e entidades locais, para:

a) Conseguir información xeral sobre os seus dereitos e obrigacións contractuais no marco da normativa aplicable á contratación electrónica.

b) Informarse sobre os procedementos de resolución xudicial e extraxudicial de conflitos, e

c) Obte-los datos das autoridades, asociacións ou organizacións que poidan facilitarlles información adicional ou asistencia práctica.

A comunicación cos ditos órganos poderá facerse por medios electrónicos.

Artigo 34. *Comunicación de resolucións relevantes.*

1. O Consello Xeral do Poder Xudicial remitiralle ó Ministerio de Xustiza, na forma e coa periodicidade que se acorde mediante convenio entre ámbolos órganos, tódalas resolucións xudiciais que conteñan pronunciamentos relevantes sobre a validez e eficacia dos contratos celebrados por vía electrónica, sobre a súa utilización como proba en xuízo, ou sobre os dereitos, obrigacións e réxime de responsabilidade dos destinatarios e os prestadores de servicios da sociedade da información.

2. Os órganos arbitraris e os responsables dos demais procedementos de resolución extraxudicial de conflitos a que se refire o artigo 32.1 comunicaranlle ó Ministerio de Xustiza os laudos ou decisións que revisitan importancia para a prestación de servicios da sociedade da información e o comercio electrónico de acordo cos criterios indicados no punto anterior.

3. Na comunicación das resolucións, laudos e decisións a que se refire este artigo, tomaranse as precaucións necesarias para salvagarda-lo dereito á intimidade e á protección dos datos persoais das persoas identificadas neles.

4. O Ministerio de Xustiza remitiralle á Comisión Europea e facilitaralle o acceso de calquera interesado á información recibida de conformidade con este artigo.

Artigo 35. *Supervisión e control.*

1. O Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía controlará o cumprimento polos prestadores de servicios da sociedade da información das obrigacións establecidas nesta lei e nas súas disposicións de desenvolvemento, no que se refire ós servicios propios da sociedade da información.

Non obstante, as referencias ós órganos competentes contidas nos artigos 8, 10, 11, 15, 16, 17 e 38 entenderanse feitas ós órganos xurisdiccionais ou administrativos que, en cada caso, o sexan en función da materia.

2. O Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía poderá realizar as actuacións inspectoras que sexan precisas para o exercicio da súa función de control.

Os funcionarios adscritos ó Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía que exerzan a inspección a que se refire o punto anterior terán a consideración de autoridade pública no desempeño dos seus cometidos.

3. En todo caso, e non obstante o disposto no punto anterior, cando as condutas realizadas polos prestadores de servicios da sociedade da información estivesen suxeitas, por razón da materia ou do tipo de entidade de que se trate, a ámbitos competenciais, de tutela ou de supervisión específicos, con independencia de que se leven a cabo utilizando técnicas e medios telemáticos ou electrónicos, os órganos ós que a lexislación sectorial atribúa competencias de control, supervisión, inspección ou tutela específica exercerán as funcións que lles correspondan.

Artigo 36. *Deber de colaboración.*

1. Os prestadores de servicios da sociedade da información teñen a obrigación de facilitarlle ó Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía e ós demais órganos a que se refire o artigo anterior toda a información e colaboración precisas para o exercicio das súas funcións.

Igualmente, deberán permitirlles ós seus axentes ou ó persoal inspector o acceso ás súas instalacións e a consulta de calquera documentación relevante para a actividade de control de que se trate, sendo de aplicación, se é o caso, o disposto no artigo 8.5 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

2. Cando, como consecuencia dunha actuación inspectora, se tivese coñecemento de feitos que puidesen ser constitutivos de infraccións tipificadas noutras leis, estatais ou autonómicas, darase conta deles ós órganos ou organismos competentes para a súa supervisión e sanción.

TÍTULO VII

Infraccións e sancións

Artigo 37. *Responsables.*

Os prestadores de servicios da sociedade da información están suxeitos ó réxime sancionador establecido neste título cando a presente lei lles sexa de aplicación.

Artigo 38. *Infraccións.*

1. As infraccións dos preceptos desta lei cualifícanse como moi graves, graves e leves.

2. Son infraccións moi graves:

a) O incumprimento das ordes dictadas en virtude do artigo 8 naqueles supostos en que foran dictadas por un órgano administrativo.

b) O incumprimento da obrigaçión de suspende-la transmisión, o aloxamento de datos, o acceso á rede ou a prestación de calquera outro servicio equivalente de intermediación, cando un órgano administrativo competente o ordene, en virtude do disposto no artigo 11.

c) O incumprimento da obrigaçión de rete-los datos de tráfico xerados polas comunicacións establecidas durante a prestación dun servicio da sociedade da información, prevista no artigo 12.

d) A utilización dos datos retidos, en cumprimento do artigo 12, para fins distintos dos sinalados nel.

3. Son infraccións graves:

a) O incumprimento do establecido nas alíneas a) e f) do artigo 10.1.

b) O envío masivo de comunicacións comerciais por correo electrónico ou outro medio de comunicación electrónica equivalente a destinatarios que non autorizaran ou solicitaran expresamente a súa remisión, ou o envío, no prazo dun ano, de máis de tres comunicacións comerciais polos medios aludidos a un mesmo destinatario, cando este non solicitara ou autorizara a súa remisión.

c) Non poñer á disposición do destinatario do servicio as condicións xerais a que, se é o caso, se suxeite o contrato, na forma prevista no artigo 27.

d) O incumprimento habitual da obrigaçión de confirma-la recepción dunha aceptación, cando non se pactara a súa exclusión ou o contrato se celebrara cun consumidor.

e) A resistencia, excusa ou negativa á actuación inspectora dos órganos facultados para levala a cabo de acordo con esta lei.

4. Son infraccións leves:

a) A falta de comunicación ó rexistro público en que estean inscritos, de acordo co establecido no artigo 9, do nome ou nomes de dominio ou enderezos da Internet que empregan para a prestación de servicios da sociedade da información.

b) Non informar na forma prescrita polo artigo 10.1 sobre os aspectos sinalados nas alíneas b), c), d), e) e g) deste.

c) O incumprimento do previsto no artigo 20 para as comunicacións comerciais, ofertas promocionais e concursos.

d) O envío de comunicacións comerciais por correo electrónico ou outro medio de comunicación electrónica equivalente ós destinatarios que non solicitaran ou autorizaran expresamente a súa remisión, cando non constituía infracción grave.

e) Non facilita-la información a que se refire o artigo 27.1, cando as partes non pactaran a súa exclusión ou o destinatario sexa un consumidor.

f) O incumprimento da obrigaçión de confirma-la recepción dunha petición nos termos establecidos no artigo 28, cando non se pactara a súa exclusión ou o contrato se celebrara cun consumidor, salvo que constituía infracción grave.

Artigo 39. *Sancións.*

1. Pola comisión das infraccións recollidas no artigo anterior, imporanse as seguintes sancións:

a) Pola comisión de infraccións moi graves, multa de 150.001 ata 600.000 euros.

A reiteración no prazo de tres anos de dúas ou máis infraccións moi graves, sancionadas con carácter firme, poderá dar lugar, en función das súas circunstancias, á sanción de prohibición de actuación en España, durante un prazo máximo de dous anos.

b) Pola comisión de infraccións graves, multa de 30.001 ata 150.000 euros.

c) Pola comisión de infraccións leves, multa de ata 30.000 euros.

2. As infraccións graves e moi graves poderán comporta-la publicación, á custa do sancionado, da resolución sancionadora no «Boletín Oficial del Estado», o no diario oficial da administración pública que, se é o caso, impuxera a sanción; en dous xornais que teñan un ámbito de difusión que coincida co de actuación da citada administración pública ou na páxina de inicio do sitio da Internet do prestador, unha vez que aquela teña carácter firme.

Para a imposición desta sanción, considerarase a repercusión social da infracción cometida, o número de usuarios ou de contratos afectados, e a gravidade do ilícito.

3. Cando as infraccións sancionables de acordo co previsto nesta lei foran cometidas por prestadores de servicios establecidos en estados que non sexan membros da Unión Europea ou do Espacio Económico Europeo, o órgano que impuxera a correspondente sanción poderá ordenarlles ós prestadores de servicios de intermediación que tomen as medidas necesarias para impedir-lo acceso desde España ós servicios ofrecidos por aqueles por un período máximo de dous anos no caso de infraccións moi graves, un ano no de infraccións graves e seis meses no de infraccións leves.

Artigo 40. *Gradación da contía das sancións.*

A contía das multas que se impoñan graduarase atendendo ós seguintes criterios:

a) A existencia de intencionalidade.

b) Prazo de tempo durante o que se viñera cometendo a infracción.

c) A reincidencia por comisión de infraccións da mesma natureza, cando así fose declarado por resolución firme.

d) A natureza e contía dos prexuízos causados.

e) Os beneficios obtidos pola infracción.

f) Volume de facturación a que afecte a infracción cometida.

Artigo 41. *Medidas de carácter provisional.*

1. Nos procedementos sancionadores por infraccións graves ou moi graves poderanse adoptar, de acordo coa Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e as súas normas de desen-

volveremento, as medidas de carácter provisional previstas nas ditas normas que se estimen necesarias para asegurar a eficacia da resolución que definitivamente se dicte, o bo fin do procedemento, evita-lo mantemento dos efectos da infracción e as esixencias dos intereses xerais.

En particular, poderán acordarse as seguintes:

a) Suspensión temporal da actividade do prestador de servizos e, se é o caso, peche provisional dos seus establecementos.

b) Precinto, depósito ou incautación de rexistros, soportes e arquivos informáticos e de documentos en xeral, así como de aparellos e equipos informáticos de todo tipo.

c) Adverti-lo público da existencia de posibles condutas infractoras e da incoación do expediente sancionador de que se trate, así como das medidas adoptadas para o cesamento das ditas condutas.

2. Na adopción e cumprimento das medidas a que se refire o punto anterior, respectaranse, en todo caso, as garantías, normas e procedementos previstos no ordenamento xurídico para protexe-los dereitos á intimidade persoal e familiar, á protección dos datos persoais, á liberdade de expresión ou á liberdade de información, cando estes puideran resultar afectados.

En tódolos casos en que a Constitución, as normas reguladoras dos respectivos dereitos e liberdades ou as que resulten aplicables ás diferentes materias atribúan competencia ós órganos xurisdiccionais para intervir no exercicio de actividades ou dereitos, só a autoridade xudicial competente poderá adoptar as medidas previstas neste artigo.

3. En todo caso, respectarase o principio de proporcionalidade da medida que se adopte cos obxectivos que se pretendan alcanzar en cada suposto.

4. En casos de urxencia e para a inmediata protección dos intereses implicados, as medidas provisionais previstas no presente artigo poderán ser acordadas antes da iniciación do expediente sancionador. As medidas deberán ser confirmadas, modificadas ou levantadas no acordo de iniciación do procedemento, que deberá efectuarse dentro dos quince días seguintes á súa adopción, o cal poderá ser obxecto do recurso que proceda.

En todo caso, as ditas medidas quedarán sen efecto se non se inicia o procedemento sancionador no dito prazo ou cando o acordo de iniciación non conteña un pronunciamento expreso acerca destas.

Artigo 42. *Multa coercitiva.*

O órgano administrativo competente para resolver o procedemento sancionador poderá impoñer multas coercitivas por un importe que non exceda de 6.000 euros por cada día que transcorra sen cumprilas medidas provisionais que foran acordadas.

Artigo 43. *Competencia sancionadora.*

1. A imposición de sancións polo incumprimento do previsto nesta lei corresponderá, no caso de infraccións moi graves, ó ministro de Ciencia e Tecnoloxía, e no de infraccións graves e leves, ó secretario de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información.

Non obstante o anterior, a imposición de sancións por incumprimento das resolucións dictadas polos órganos competentes en función da materia ou entidade de que se trate a que se refiren as alíneas a) e b) do artigo 38.2 desta lei corresponderalle ó órgano que dictou a resolución incumplida.

2. A potestade sancionadora regulada nesta lei exercerase de conformidade co establecido ó respecto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e nas súas normas de desenvolvemento.

Artigo 44. *Concorrenza de infraccións e sancións.*

1. Non poderá exercerse a potestade sancionadora a que se refire a presente lei cando recaera sanción penal, nos casos en que se aprecie identidade de suxeito, feito e fundamento.

Non obstante, cando se estea tramitando un proceso penal polos mesmos feitos ou por outros que sexa racionalmente imposible separar dos sancionables de acordo con esta lei, o procedemento quedará suspendido respecto dos mesmos ata que recaia pronunciamento firme da autoridade xudicial.

Reiniciado o expediente, se é o caso, a resolución que se dicte deberá respecta-los feitos declarados probados na resolución xudicial.

2. A imposición dunha sanción prevista nesta lei non impedirá a tramitación e resolución doutro procedemento sancionador polos órganos ou organismos competentes en cada caso cando a conduta infractora se cometese utilizando técnicas e medios telemáticos ou electrónicos e resulte tipificada noutra lei, sempre que non haxa identidade do ben xurídico protexido.

3. Non procederá a imposición de sancións segundo o previsto nesta lei cando os feitos constitutivos de infracción o sexan tamén doutra tipificada na normativa sectorial á que estea suxeito o prestador do servizo e exista identidade do ben xurídico protexido.

Cando, como consecuencia dunha actuación sancionadora, se tivese coñecemento de feitos que puideran ser constitutivos de infraccións tipificadas noutras leis, darase conta destes ós órganos ou organismos competentes para a súa supervisión e sanción.

Artigo 45. *Prescrición.*

As infraccións moi graves prescribirán ós tres anos, as graves ós dous anos e as leves ós seis meses; as sancións impostas por faltas moi graves prescribirán ós tres anos, as impostas por faltas graves ós dous anos e as impostas por faltas leves ó ano.

Disposición adicional primeira. *Significado dos termos empregados por esta lei.*

Para os efectos da presente lei, os termos definidos no anexo terán o significado que alí se lles asigna.

Disposición adicional segunda. *Medicamentos e produtos sanitarios.*

A prestación de servizos da sociedade da información relacionados cos medicamentos e os produtos sanitarios rexerase polo disposto na súa lexislación específica.

Disposición adicional terceira. *Sistema Arbitral de Consumo.*

O prestador e o destinatario de servizos da sociedade da información poderán somete-los seus conflitos á arbitraje de consumo, mediante a adhesión daqueles ó Sistema Arbitral de Consumo.

A Xunta Arbitral Nacional de Consumo e aquelas outras de ámbito territorial inferior, autorizadas para iso polo

9

Instituto Nacional do Consumo, poderán dirimi-los conflitos presentados polos consumidores de acordo co disposto no Real decreto 636/1993, do 3 de maio, que regula o Sistema Arbitral de Consumo, a través de medios telemáticos.

Disposición adicional cuarta. *Modificación dos Códigos civil e de comercio.*

Un. Modifícase o artigo 1.262 do Código civil, que queda redactado da seguinte maneira:

«O consentimento maniféstase polo concurso da oferta e da aceptación sobre a cousa e a causa que han de constituí-lo contrato.

Encontrándose en lugares distintos o que fixo a oferta e o que a aceptou, hai consentimento desde que o oferente coñece a aceptación ou desde que, téndolla remitido o aceptante, non poida ignorala sen faltar á boa fe. O contrato, en tal caso, presúmese celebrado no lugar en que se fixo a oferta.

Nos contratos celebrados mediante dispositivos automáticos hai consentimento desde que se manifesta a aceptación.»

Dous. Modifícase o artigo 54 do Código de comercio, que queda redactado da seguinte maneira:

«Encontrándose en lugares distintos o que fixo a oferta e o que a aceptou, hai consentimento desde que o oferente coñece a aceptación ou desde que, téndolla remitido o aceptante, non poida ignorala sen faltar á boa fe. O contrato, en tal caso, presúmese celebrado no lugar en que se fixo a oferta.

Nos contratos celebrados mediante dispositivos automáticos hai consentimento desde que se manifesta a aceptación.»

Disposición adicional quinta. *Accesibilidade para as persoas con discapacidade e de idade avanzada á información proporcionada por medios electrónicos.*

Un. As administracións públicas adoptarán as medidas necesarias para que a información dispoñible nas súas respectivas páxinas da Internet poida ser accesible a persoas con discapacidade e de idade avanzada, de acordo cos criterios de accesibilidade ó contido xeralmente recoñecidos, antes do 31 de decembro de 2005.

Así mesmo, poderán esixir que as páxinas da Internet das que financien o deseño ou mantemento, apliquen os criterios de accesibilidade antes mencionados.

Dous. Igualmente, promoverase a adopción de normas de accesibilidade polos prestadores de servicios e os fabricantes de equipos e «software», para facilita-lo acceso das persoas con discapacidade ou de idade avanzada ós contidos dixitais.

Disposición adicional sexta. *Sistema de asignación de nomes de dominio baixo o «.es».*

Un. Esta disposición regula, en cumprimento do previsto na disposición adicional décimo sexta da Lei 17/2001, do 7 de decembro, de marcas, os principios inspiradores do sistema de asignación de nomes de dominio baixo o código de país correspondente a España «.es».

Dous. A entidade pública empresarial Red.es é a autoridade de asignación, á que corresponde a xestión do rexistro de nomes de dominio da Internet baixo o «.es», de acordo co establecido na disposición adicional sexta da Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións.

Tres. A asignación de nomes de dominio da Internet baixo o «.es» realizarase de conformidade cos criterios

que se establecen nesta disposición, no Plan Nacional de Nomes de Dominio da Internet, nas demais normas específicas que se dicten no seu desenvolvemento pola autoridade de asignación e, na medida en que sexan compatibles con eles, coas prácticas xeralmente aplicadas e as recomendacións emanadas das entidades e organismos internacionais que desenvolvan actividades relacionadas coa xestión do sistema de nomes de dominio da Internet.

Os criterios de asignación de nomes de dominio baixo o «.es» deberán garantir un equilibrio adecuado entre a confianza e seguridade xurídica precisas para o desenvolvemento do comercio electrónico e doutros servicios e actividades por vía electrónica, e a flexibilidade e axilidade requiridas para posibilita-la satisfacción da demanda de asignación de nomes de dominio baixo o «.es», contribuíndo, desta maneira, ó desenvolvemento da sociedade da información en España.

Poderán crearse espazos diferenciados baixo o «.es», que faciliten a identificación dos contidos que alberguen en función do seu titular ou do tipo de actividade que realicen. Entre outros, poderán crearse indicativos relacionados coa educación, o entretemento e o adecuado desenvolvemento moral da infancia e xuventude. Estes nomes de dominio de terceiro nivel asignaranse nos termos que se establezan no Plan Nacional de Nomes de Dominio da Internet.

Catro. Poderán solicita-la asignación de nomes de dominio baixo o «.es», nos termos que se prevexan no Plan Nacional de Nomes de Dominio da Internet, tódalas persoas ou entidades, con ou sen personalidade xurídica, que teñan intereses ou manteñan vínculos con España, sempre que reúnan os demais requisitos esixibles para a obtención dun nome de dominio.

Os nomes de dominio baixo o «.es» asignaranse ó primeiro solicitante que teña dereito a iso, sen que poida outorgarse, con carácter xeral, un dereito preferente para a obtención ou utilización dun nome de dominio ós titulares de determinados dereitos.

A asignación dun nome de dominio confire ó seu titular o dereito á súa utilización, o cal estará condicionado ó cumprimento dos requisitos que en cada caso se establezan, así como ó seu mantemento no tempo. A verificación por parte da autoridade de asignación do incumprimento destes requisitos dará lugar á cancelación do nome de dominio, logo de tramitación do procedemento que en cada caso se determine e que deberá garanti-la audiencia dos interesados.

Os beneficiarios dun nome de dominio baixo o «.es» deberán respecta-las regras e condicións técnicas que poida establece-la autoridade de asignación para o adecuado funcionamento do sistema de nomes de dominio baixo o «.es».

A responsabilidade do uso correcto dun nome de dominio de acordo coas leis, así como do respecto ós dereitos de propiedade intelectual ou industrial, correspóndelle á persoa ou organización para a que se rexistrara o dito nome de dominio, nos termos previstos nesta lei. A autoridade de asignación procederá á cancelación dos nomes de dominio cando os seus titulares infrinxan eses dereitos ou condicións, sempre que así se ordene na correspondente resolución xudicial, sen prexuízo do que se prevexa en aplicación do punto oito desta disposición adicional.

Cinco. No Plan Nacional de Nomes de Dominio da Internet estableceranse mecanismos apropiados para previ-lo rexistro abusivo ou especulativo de nomes de dominio, o aproveitamento indebido de termos de significado xenérico ou topónimos e, en xeral, para previ-los conflitos que poidan derivar da asignación de nomes de dominio.

Así mesmo, o plan incluíra as cautelas necesarias para minimiza-lo risco de erro ou confusión dos usuarios en canto á titularidade de nomes de dominio.

Para estes efectos, a entidade pública empresarial Red.es establecerá a necesaria coordinación cos rexistros públicos españois. Os seus titulares deberán facilita-lo acceso e consulta ós ditos rexistros públicos, que, en todo caso, terá carácter gratuíto para a entidade.

Seis. A asignación de nomes de dominio levarase a cabo por medios telemáticos que garantan a axilidade e fiabilidade dos procedementos de rexistro. A presentación de solicitudes e a práctica de notificacións realizaranse por vía electrónica, salvo nos supostos en que así estea previsto nos procedementos de asignación e demais operacións asociadas ó rexistro de nomes de dominio.

Os axentes rexistradores, como intermediarios nos procedementos relacionados co rexistro de nomes de dominio, poderán prestar servizos auxiliares para a asignación e renovación destes, de acordo cos requisitos e condicións que determine a autoridade de asignación, os cales garantirán, en todo caso, o respecto ó principio de libre competencia entre os ditos axentes.

Sete. O Plan Nacional de Nomes de Dominio da Internet aprobarase mediante orde do ministro de Ciencia e Tecnoloxía, por proposta da entidade pública empresarial Red.es.

O plan completárase cos procedementos para a asignación e demais operacións asociadas ó rexistro de nomes de dominio e enderezos da Internet que estableza o presidente da entidade pública empresarial Red.es, de acordo co previsto na disposición adicional décimo oitava da Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

Oito. Nos termos que permitan as disposicións aplicables, a autoridade de asignación poderá establecer un sistema de resolución extraxudicial de conflitos sobre a utilización de nomes de dominio, incluídos os relacionados cos dereitos de propiedade industrial. Este sistema, que lles asegurará ás partes afectadas as garantías procesuais adecuadas, aplicarase sen prexuízo das eventuais accións xudiciais que as partes poidan exercer.

Nove. Coa finalidade de impulsa-lo desenvolvemento da Administración electrónica, a entidade pública empresarial Red.es poderá presta-lo servizo de notificacións administrativas telemáticas e acreditar de forma fidedigna a data e hora da súa recepción.

Disposición transitoria única. Anotación nos correspondentes rexistros públicos dos nomes de dominio outorgados antes da entrada en vigor desta lei.

Os prestadores de servizos que, á entrada en vigor desta lei, xa viñeran utilizando un ou máis nomes de dominio ou enderezos da Internet deberán solicita-la anotación de, polo menos, un deles no rexistro público en que figurasen inscritos para efectos constitutivos ou de publicidade, no prazo dun ano desde a referida entrada en vigor.

Disposición derradeira primeira. Modificación do artigo 37 da Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións.

Modifícase a alínea a) do punto 1 do artigo 37 da Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións, que queda redactada nos seguintes termos:

«a) Que os cidadáns poidan recibir conexión á rede telefónica pública fixa e acceder á prestación do servizo telefónico fixo dispoñible para o público. A conexión debe ofrecerlle ó usuario a posibilidade

de emitir e recibir chamadas nacionais e internacionais e permiti-la transmisión de voz, fax e datos a velocidade suficiente para acceder de forma funcional á Internet.

Para estes efectos, considerarase que a velocidade suficiente á que se refire o parágrafo anterior é a que se utiliza de maneira xeneralizada para acceder á Internet polos abonados ó servizo telefónico fixo dispoñible para o público con conexión á rede mediante pares de cobre e módem para banda vocal.»

Disposición derradeira segunda. Modificación da disposición adicional sexta da Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións.

Modifícase o punto 10 da disposición adicional sexta da Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións, que quedará redactado como sigue:

«10. Taxa por asignación do recurso limitado de nomes de dominio e enderezos da Internet.

a) Feito impoñible.

O feito impoñible da taxa por asignación de nomes de dominio e enderezos da Internet estará constituído pola realización pola entidade pública empresarial Red.es das actividades necesarias para a asignación e renovación de nomes de dominio e enderezos da Internet baixo o código de país correspondente a España (.es).

b) Suxeitos pasivos.

Serán suxeitos pasivos da taxa os solicitantes da asignación ou renovación dos nomes e enderezos da Internet.

c) Contía.

A contía da taxa será única por cada nome ou enderezo do que se solicite a asignación ou renovación. En ningún caso se procederá á asignación ou á renovación do nome ou enderezo sen que se efectuara previamente o pagamento da taxa.

Só poderán modificarse mediante lei o número e identidade dos elementos e criterios de cuantificación con base nos cales se determinan as cotas esixibles.

Para os efectos previstos no parágrafo anterior, considéranse elementos e criterios de cuantificación do importe esixible por asignación anual inicial dos nomes de dominio ou enderezos da Internet o número asignado, o custo das actividades de comprobación e verificación das solicitudes de asignación, así como o nivel en que se produza a asignación e, no caso de renovación anual nos anos sucesivos, o custo do mantemento da asignación e das actividades de comprobación e de actualización de datos. Igualmente, atenderase ó número de nomes ou enderezos da Internet asignados e á actuación a través de axentes rexistradores para concreta-la contía da taxa.

O establecemento e modificación das contías resultantes da aplicación dos elementos e criterios de cuantificación a que se refiren os parágrafos anteriores poderá efectuarse mediante orde ministerial.

Non obstante o disposto nos parágrafos anteriores deste punto, nos supostos de carácter excepcional en que así estea previsto no Plan Nacional de Nomes de Dominio da Internet e nos termos que neste se fixen, con base no especial valor de mercado do uso de determinados nomes e enderezos, a contía por asignación anual inicial poderá

substituírse pola que resulte dun procedemento de licitación no que se fixará un valor inicial de referencia estimado. Se o valor de adxudicación da licitación resultase superior ó dito valor de referencia, aquel constituirá o importe da taxa. Nos supostos en que se siga este procedemento de licitación, o Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía requirirá, con carácter previo á súa convocatoria, á autoridade competente para o Rexistro de Nomes de Dominio para que suspenda o outorgamento dos nomes e enderezos que considere afectados polo seu especial valor económico. A continuación, procederase a aproba-lo correspondente prego de bases que establecerá, tomando en consideración o previsto no Plan Nacional de Nomes de Dominio da Internet, os requisitos, condicións e réxime aplicable á licitación.

d) Devengo.

A taxa devengarase na data en que se proceda, nos termos que se establezan regulamentariamente, á admisión da solicitude de asignación ou de renovación dos nomes ou enderezos da Internet, que non se tramitará sen que se efectuara o pagamento correspondente.

e) Exacción e xestión recadatoria.

A exacción da taxa producirase a partir da atribución da súa xestión á entidade pública empresarial Red.es e da determinación do procedemento para a súa liquidación e pagamento, mediante orde ministerial.

Os modelos de declaración, prazos e formas de pagamento da taxa aprobaranse mediante resolución da entidade pública empresarial Rede. es.

O importe dos ingresos obtidos por esta taxa destinarase a financiar-los gastos da entidade pública empresarial Red.es polas actividades realizadas no cumprimento das funcións asignadas a esta nos parágrafos a), b), c) e d) do punto 4 desta disposición, ingresándose, se é o caso, o excedente no Tesouro Público, de acordo coa proporción e contía que se determine mediante resolución conxunta das Secretarías de Estado de Orzamentos e Gastos e de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información, por proposta desta última.»

Disposición derradeira terceira. *Adición dunha nova disposición transitoria á Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións.*

Engádese á Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións, unha nova disposición transitoria décimo segunda, coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria décimo segunda. *Criterios para o desenvolvemento do plan de actualización tecnolóxica da rede de acceso da rede telefónica pública fixa.*

No prazo máximo de cinco meses a partir da entrada en vigor desta disposición, o operador designado para a prestación do servicio universal presentaralle ó Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, para a súa aprobación no prazo dun mes, logo de informe da Comisión do Mercado das Telecomunicacións, un plan de actuación detallado para garantir que as conexións á rede telefónica pública fixa posibiliten ós seus abonados o acceso funcional

á Internet e, en particular, ós conectados mediante Telefonía Rural de Acceso Celular (TRAC).

O desenvolvemento do plan estará suxeito ás seguintes condicións:

a) Incluirá solucións tecnolóxicas eficientes dispoñibles no mercado para garanti-lo dereito dos usuarios a dispoñer, logo de solicitude a partir da aprobación do plan, da posibilidade de acceso funcional á Internet no prazo máximo de sesenta días desde a data da dita solicitude nas zonas con cobertura. Estas solucións tecnolóxicas deberán preve-la súa evolución a medio prazo cara a velocidades de banda ancha sen que iso leve consigo necesariamente a súa substitución.

b) A implantación na rede de acceso das solucións tecnolóxicas ás que se refire a alínea a) deberá alcanza-los abonados ó servicio telefónico fixo dispoñible ó público que, na data de aprobación do plan, non teñen a posibilidade de acceso funcional á Internet, de acordo co seguinte calendario:

1.º Polo menos ó 30 por 100 antes do 30 de xuño de 2003.

2.º Polo menos ó 70 por 100 antes do 31 de decembro de 2003.

3.º O 100 por 100 antes do 31 de decembro de 2004.

En todo caso, esta implantación alcanzará, polo menos, ó 50 por 100 dos citados abonados en cada unha das comunidades autónomas antes do 31 de decembro de 2003.

c) No plan de actuación deberá priorizarse o despregamento ó que se refire a alínea b) de acordo co criterio de maior densidade de aboados afectados.

d) Para os efectos do disposto nos puntos anteriores e en caso de que sexa necesario, o operador designado para a prestación do servicio universal poderá concluír con outros operadores titulares de concesións de dominio público radioeléctrico, contratos de cesión de dereitos de uso das bandas de frecuencias necesarias para o cumprimento dos obxectivos establecidos nesta disposición. Os ditos contratos deberán ser sometidos á previa aprobación por parte do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, que poderá establece-las condicións de salvagarda do interese público que considere necesarias.»

Disposición derradeira cuarta. *Modificación da disposición derogatoria única da Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións.*

Modifícase o último parágrafo da disposición derogatoria única da Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións, que queda redactado da seguinte forma:

«Igualmente, quedan derogadas cantas outras disposicións de igual ou inferior rango á presente lei se opoñan ó disposto nela e, en especial, ó disposto no artigo 37.1.a), no relativo á velocidade de transmisión de datos.»

Disposición derradeira quinta. *Adecuación da regulación regulamentaria sobre contratación telefónica ou electrónica con condicións xerais a esta lei.*

O Goberno, no prazo dun ano, modificará o Real decreto 1906/1999, do 17 de decembro, polo que se regula

a contratación telefónica ou electrónica con condicións xerais en desenvolvemento do artigo 5.3 da Lei 7/1998, do 13 de abril, sobre condicións xerais da contratación, para adapta-lo seu contido ó disposto nesta lei.

Na dita modificación, o Goberno terá especialmente en conta a necesidade de facilita-la utilización real dos contratos electrónicos, conforme o mandato recollido no artigo 9.1 da Directiva 2000/31/CE.

Disposición derradeira sexta. *Fundamento constitucional.*

Esta lei dítase ó amparo do artigo 149.1.6.^a, 8.^a e 21.^a da Constitución, sen prexuízo das competencias das comunidades autónomas.

Disposición derradeira sétima. *Habilitación ó Goberno.*

Habílase o Goberno para desenvolver mediante regulamento o previsto nesta lei.

Disposición derradeira oitava. *Distintivo de adhesión a códigos de conducta que incorporen determinadas garantías.*

No prazo dun ano a partir da entrada en vigor desta lei, o Goberno aprobará un distintivo que permita identifica-los prestadores de servicios que respecten códigos de conducta adoptados coa participación do Consello de Consumidores e Usuarios, e que inclúan, entre outros contidos, a adhesión ó Sistema Arbitral de Consumo ou a outros sistemas de resolución extraxudicial de conflitos que respecten os principios establecidos na normativa comunitaria sobre sistemas alternativos de resolución de conflitos con consumidores, nos termos que regulamentariamente se establezan.

Disposición derradeira novena. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor ós tres meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Non obstante, as disposicións adicional sexta e derradeira primeira, segunda, terceira e cuarta desta lei entrarán en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 11 de xullo de 2002.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

ANEXO

Definicións

Para os efectos desta lei, entenderase por:

a) «Servicios da sociedade da información» ou «servicios»: todo servicio prestado normalmente a título oneroso, a distancia, por vía electrónica e por petición individual do destinatario.

O concepto de servicio da sociedade da información comprende tamén os servicios non remunerados polos seus destinatarios, na medida en que constitúan unha actividade económica para o prestador de servicios.

Son servicios da sociedade da información, entre outros e sempre que representen unha actividade económica, os seguintes:

1.º A contratación de bens ou servicios por vía electrónica.

2.º A organización e xestión de poxas por medios electrónicos ou de mercados e centros comerciais virtuais.

3.º A xestión de compras na rede por grupos de persoas.

4.º O envío de comunicacións comerciais.

5.º A subministración de información por vía telemática.

6.º O vídeo baixo demanda, como servicio en que o usuario pode seleccionar a través da rede, tanto o programa desexado como o momento da súa subministración e recepción e, en xeral, a distribución de contidos logo de petición individual.

Non terán a consideración de servicios da sociedade da información os que non reúnan as características sinaladas no primeiro parágrafo deste punto e, en particular, os seguintes:

1.º Os servicios prestados por medio de telefonía vocal, fax ou télex.

2.º O intercambio de información por medio de correo electrónico ou outro medio de comunicación electrónica equivalente para fins alleos á actividade económica de quen o utiliza.

3.º Os servicios de radiodifusión televisiva (incluídos os servicios de cuasivídeo á carta), recollidos no artigo 3.a) da Lei 25/1994, do 12 de xullo, pola que se incorpora ó ordenamento xurídico español a Directiva 89/552/CEE, do Consello, do 3 de outubro, sobre a coordinación de determinadas disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos estados membros relativas ó exercicio de actividades de radiodifusión televisiva, ou calquera outra que a substitúa.

4.º Os servicios de radiodifusión sonora, e

5.º O teletexto televisivo e outros servicios equivalentes como as guías electrónicas de programas ofrecidas a través das plataformas televisivas.

b) «Servicio de intermediación»: servicio da sociedade da información polo que se facilita a prestación ou utilización doutros servicios da sociedade da información ou acceso á información.

Son servicios de intermediación a provisión de servicios de acceso á Internet, a transmisión de datos por redes de telecomunicacións, a realización de copia temporal das páxinas da Internet solicitadas polos usuarios, o aloxamento nos propios servidores de datos, aplicacións ou servicios subministrados por outros e a provisión de instrumentos de busca, acceso e recompilación de datos ou de enlaces a outros sitios da Internet.

c) «Prestador de servicios» ou «prestador»: persoa física ou xurídica que proporciona un servicio da sociedade da información.

d) «Destinatario do servicio» ou «destinatario»: persoa física ou xurídica que utiliza, sexa ou non por motivos profesionais, un servicio da sociedade da información.

e) «Consumidor»: persoa física ou xurídica nos termos establecidos no artigo 1 da Lei 26/1984, do 19 de xullo, xeral para a defensa dos consumidores e usuarios.

f) «Comunicación comercial»: toda forma de comunicación dirixida á promoción, directa ou indirecta, da imaxe ou dos bens ou servicios dunha empresa, organización ou persoa que realice unha actividade comercial, industrial, artesanal ou profesional.

Para os efectos desta lei, non terán a consideración de comunicación comercial os datos que permitan acce-

9

der directamente á actividade dunha persoa, empresa ou organización, tales como o nome de dominio ou o enderezo de correo electrónico, nin as comunicacións relativas ós bens, os servizos ou a imaxe que se ofrezca cando sexan elaboradas por un terceiro e sen contra-prestación económica.

g) «Profesión regulada»: toda actividade profesional que requira para o seu exercicio a obtención dun título, en virtude de disposicións legais ou regulamentarias.

h) «Contrato celebrado por vía electrónica» ou «contrato electrónico»: todo contrato no que a oferta e a aceptación se transmiten por medio de equipos electrónicos de tratamento e almacenamento de datos, conectados a unha rede de telecomunicacións.

i) «Ámbito normativo coordinado»: tódolos requisitos aplicables ós prestadores de servizos da sociedade da información, xa veñan esixidos pola presente lei ou outras normas que regulen o exercicio de actividades económicas por vía electrónica, ou polas leis xerais que lles sexan de aplicación, e que se refiran ós seguintes aspectos:

1.º Comezo da actividade, como as titulacións profesionais ou cualificacións requiridas, a publicidade rexistral, as autorizacións administrativas ou colexiais precisas, os réximes de notificación a calquera órgano ou organismo público ou privado, e

2.º Posterior exercicio da dita actividade, como os requisitos referentes á actuación do prestador de servizos, á calidade, seguridade e contido do servizo, ós que afectan a publicidade e a contratación por vía electrónica e a responsabilidade do prestador de servizos.

Non quedan incluídos neste ámbito as condicións relativas ás mercadorías e bens tanxibles, á súa entrega nin ós servizos non prestados por medios electrónicos.

j) «Órgano competente»: todo órgano xurisdiccional ou administrativo, xa sexa da Administración xeral do Estado, das administracións autonómicas, das entidades locais ou dos seus respectivos organismos ou entes públicos dependentes, que actúe no exercicio de competencias legalmente atribuídas.

13972 *LEI 35/2002, do 12 de xullo, de medidas para o establecemento dun sistema de xubilación gradual e flexible.* («BOE» 167, do 13-7-2002.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No Acordo para a Mellora e o Desenvolvemento do Sistema de Protección Social, subscrito o 9 de abril de 2001 polo Goberno, a Confederación de Comisiones Obreras, a Confederación Española de Organizaciones Empresariales e a Confederación Española de la Pequeña y Mediana Empresa, incluíuse un conxunto de medidas en relación coa flexibilidade da idade de xubilación, co fin de dotala dos caracteres de gradualidade e progresividade.

Con esa finalidade, considerouse conveniente proceder á modificación da regulación da pensión de xubilación, no sentido de que esta non impidise unha pre-

sencia social activa dos cidadáns, tendo en conta, pola súa vez, que esta permanencia repercute na propia autoestima do traballador, ten efectos positivos sobre o sistema de pensións e, de modo máis xeral, presenta indubidables vantaxes para o conxunto da sociedade, que, deste xeito, pode aproveita-la experiencia e os coñecementos dos traballadores de máis idade.

Consecuentemente, co obxectivo de lograr unha maior permanencia na actividade, o Goberno quedou comprometido polo citado Acordo a introduci-las modificacións legais necesarias que posibilitasen a adopción das seguintes medidas.

En primeiro termo, a reforma da regulación da xubilación parcial, de maneira que se posibilita a compatibilidade entre percibir unha pensión de xubilación e desenvolver actividades laborais desde o momento no que se comece a percibir unha pensión desa natureza a cargo do sistema da Seguridade Social.

En segundo lugar, a exoneración do pagamento de cotizacións sociais por continxencias comúns, salvo no que se refire á incapacidade temporal, correspondentes ós traballadores de sesenta e cinco ou máis anos, que acrediten trinta e cinco anos efectivos de cotización e que decidan voluntariamente continuar ou reinicia-la súa actividade laboral.

Como derivación de ámbalas medidas, acordouse tamén a necesidade de introducir outras modificacións que consideren a posibilidade de acceder ás pensións de incapacidade permanente, aínda que o traballador teña sesenta e cinco ou máis anos e reúna as condicións de acceso á pensión de xubilación, cando a causa orixinal da incapacidade derive dun accidente de traballo ou dunha enfermidade profesional; a non extinción do subsidio por desemprego para maiores de cincuenta e dous anos polo mero feito de que o beneficiario atinxa a idade á que poida ter dereito a unha pensión de xubilación na súa modalidade contributiva; e o establecemento, para efectos de cálculo da contía das prestacións, de determinados límites ó eventual crecemento da base de cotización a partir do cumprimento dos sesenta e cinco anos de idade.

E, en terceiro e último lugar, a introducción de previsións que posibiliten que a porcentaxe aplicable á base reguladora da pensión de xubilación poida supera-lo 100 por 100 respecto daqueles traballadores que permanezan en activo alén dos sesenta e cinco anos de idade e acrediten un mínimo de trinta e cinco anos de cotización.

Xunto ó obxectivo sinalado de propiciar unha permanencia na actividade do traballador, tamén se contén no citado Acordo o propósito de reformula-las condicións de acceso á xubilación anticipada, de maneira que, por un lado, se manteña na súa regulación actual o acceso, por aplicación de dereito transitorio, á xubilación a partir dos sesenta anos e, por outro, poidan acceder á xubilación anticipada, a partir dos sesenta e un anos, os traballadores afiliados á Seguridade Social con posterioridade ó 1 de xaneiro de 1967, sempre que reúnan determinados requisitos, tales como un período mínimo de cotización de trinta anos, involuntariedade no cesamento, inscrición como desempregado por un prazo de, cando menos, seis meses e inclusión no campo de aplicación de determinados réximes do sistema da Seguridade Social. Nun e outro dos dous supostos enunciados débese proceder á equiparación dos coeficientes reductores aplicables por razón do anticipo da idade de xubilación.

Así mesmo, no suposto de extinción de contratos de traballo derivados dun expediente de regulación de emprego, promovido por empresas que non se encontrasen nun procedemento concursal, acordouse que aquel deberá levar consigo a obriga de aboa-las